


30 de setembro, 1 e 2 de outubro

OBRADOIRO

'Imaxe científica: representación e abstracción'

Actividade paralela da exposición 'EIDOS DA IMAXE. Graffías dos feitos e do pensamento'



Ernst Haeckel. *Kunstformen der Natur* (detalle)

Organiza: Facultade de Belas Artes de Pontevedra e Campus do Mar [Proxecto Baliza, UVigo]

Coordinador: José Pintado Valverde (Instituto de Investigacións Mariñas-CSIC)

Participantes: Clara Cerviño (Ilustradora científica e estudante de doutoramento da Universidade de Aveiro, Portugal); Sonia Valladares (IIM-CSIC); Isabel G. Teixeira (IIM-CSIC); Diego Germade (arquitecto, doutorando da Facultade de BB.AA., UVigo)

Datas: martes 30 setembro, mércores 1 e xoves 2 de outubro

Horario: de 18.00 a 21.00

Lugar: MARCO, salón de actos e salas de exposición do 1º andar

O proxecto Baliza está financiado polo Ministerio de Educación, Cultura y Deporte no marco do Subprograma de Fortalecemento CEI 2011

Universidade de Vigo Facultade de Belas Artes **baliza** **CAMPUS DO MAR**

Dirixido a: estudantes da Universidade de Vigo

GRATUÍTO, PREVIA INSCRIPCIÓN. Prazas limitadas ata completar aforo

Número de asistentes: 20 persoas

[A lista de asistentes realizarase por orde de inscrición, con preferencia para estudantes da Universidade de Vigo. En función das solicitudes recibidas, haberá unha lista de espera e poderase ampliar a asistencia a outras persoas interesadas].

As persoas interesadas poden solicitar as fichas de inscrición na taquilla do MARCO, ou a través do email

marta.viana@marcovigo.com

OBRADOIRO

'Imaxe científica: representación e abstracción'

PRESENTACIÓN

A práctica científica e artística teñen en común a concepción de ideas e formas, creando abstraccións que permiten describir e entender a complexidade. É dicir, construír unha imaxe concreta e finita a partir dunha complexidade *a priori* intelixible. No caso da Ciencia, a imaxe encádrase necesariamente nun marco de referencia e utiliza unha liinguaxe, establecida previamente, que a fai intelixible. Dende a representación descritiva de especies ata as abstraccións para a visualización de datos, a Ciencia sempre precisou do uso da imaxe para xerar e transmitir coñecemento.

O obradoiro 'Imaxe científica: representación e abstracción' xurde como actividade paralela da exposición 'EIDOS DA IMAXE. Grafías dos feitos e do pensamento', que se clausura o 12 de outubro nas salas do 1º andar do MARCO.

<http://www.marcovigo.com/content/eidos-da-imaxe-graf-dos-feitos-e-do-pensamento>

Durante o obradoiro farase unha introdución histórica da imaxe científica; máis concretamente, da ilustración científica e o seu desenvolvemento técnico. Ofreceranse tamén algúns exemplos prácticos de obtención de imaxes científicas de organismos mariños, para a análise da forma (morfografía) ou a idade (cronografía), mediante técnicas macroscópicas (macrografías) ou de microscopía (micrografías), seguindo algunhas das vías desenvolvidas na exposición.

OBXECTIVOS

O obxectivo principal é achegar aos participantes á imaxe científica, dende unha visión histórica ata exemplos concretos da capacidade e métodos da Ciencia para xerar imaxes e para obter e transmitir coñecemento a partir delas, incluíndo traballos prácticos de ilustración científica e de obtención e análise de imaxes de diferentes organismos mariños. O obradoiro ten tamén como obxectivo reflexionar sobre as similitudes e diferencias entre Ciencia e Arte que suscita a aproximación ás imaxes científicas.

MATERIAIS E MEDIOS TÉCNICOS

Para a parte práctica do obradoiro [6ª sesión*, ver páx. 3], cada participante deberá aportar os útiles trazadores cos que prefira traballar, a escoller entre lápices, tinta china (tinta e pluma, rotring ou similar), ou acuarelas (ademais dunha ou dúas follas de papel de alto gramaxe en caso de escoller a técnica da acuarela). No taller terán á súa disposición outros materiais, ademais dos medios técnicos necesarios para o desenvolvemento das sesións.

OBRADOIRO

'Imaxe científica: representación e abstracción'

CONTIDOS E METODOLOXÍA

O obradoiro formúlase como unha secuencia de seis sesións durante tres días consecutivos, segundo o seguinte programa:

SESIÓN	DATA + HORARIO	PARTICIPANTE	CONTIDO / TÍTULO
1ª	Martes 30 ás 18.00	Clara Cerviño	A ilustración científica. Contexto histórico
2ª	Martes 30 ás 20.00	Alberto Ruiz de Samaniego	Visita guiada á exposición 'EIDOS DA IMAXE'
3ª	Mércores 1 ás 18.00	Diego Germade	Cronografía: desenvolvemento dunha obra a partir de Marey
4ª	Mércores 1 ás 19.30	Sonia Valladares	Morfografía e cronografía dun peixe
5ª	Xoves 2 ás 18.00	Isabel G. Teixeira	Macro, micro e morfografías de fitoplancto
6ª	Xoves 2 ás 19.30	Clara Cerviño	Revisión de traballos prácticos (*) (*) Ver materiais, páx. 2

1ª SESIÓN. Martes 30 ás 18.00

- 'A ilustración científica. Contexto histórico'. **Clara Cerviño**

[Introdución histórica sobre a ilustración científica e o seu desenvolvemento técnico]

2ª SESIÓN. Martes 30 ás 20.00

Visita á exposición 'EIDOS DA IMAXE' guiada polo comisario, Alberto Ruiz de Samaniego

3ª SESIÓN. Mércores 1 ás 18.00

- 'Cronografía: desenvolvemento dunha obra a partir de Marey'. **Diego Germade**

[A forma como enerxía sedimentada no tempo. Deseño dunha intervención arquitectónica partindo da cronofotografía como método gráfico]

4ª SESIÓN. Mércores 1 ás 19.30

- 'Morfografía e cronografía dun peixe'. **Sonia Valladares**

[Análise morfométrica dun peixe, e extracción dos otólitos para determinar a súa idade mediante esclerocronoloxía]

5ª SESIÓN. Xoves 2 ás 18.00

- 'Macro, micro e morfografías de fitoplancto'. **Isabel Teixeira**

[Análise das imaxes de satélite que permiten observar a actividade fotosintética do fitoplancto, así como a observación microscópica e a súa taxonomía e análise, baseado na redución a formas xeométricas]

6ª SESIÓN. Xoves 2 ás 19.30

- Revisión de traballos prácticos. **Clara Cerviño**

[As imaxes de microscopía do fitoplancto utilizaranse para traballos prácticos de ilustración científica]

OBRADOIRO

'Imaxe científica: representación e abstracción'

NOTAS BIOGRÁFICAS

José Pintado Valverde (Vigo, 1962) é Científico Titular do CSIC, no Instituto de Investigacións Mariñas (IIM) en Vigo, dentro do departamento de Ecoloxía e Recursos Mariños. Durante anos, traballou no *Institut de Recherche pour le Développement* (IRD) en Montpellier (Francia) (1995-2001). Foi profesor contratado na Universidade de Montpellier II (2001-05) e investigador invitado na Universidade de Nova Gales do Sur, en Sídney, Australia (2012). As súas áreas de investigación céntranse na microbioloxía aplicada, a ecoloxía microbiana e a bioloxía e fisioloxía de especies mariñas cultivadas, incluíndo a cría en cativeiro de especies ameazadas dirixida á conservación da biodiversidade. En paralelo ao seu traballo de investigación, participa habitualmente en actividades educativas ou de divulgación científica. Foi comisario e coordinador das exposicións do Proxecto Neuston, un proxecto de colaboración entre científicos e artistas, presentado no Euroscience Open Forum (2008, Barcelona) e exposto no Museo do Mar de Galicia en Vigo (2009) e nos Institutos Cervantes de Bruxelas (Bélxica) e Fez (Marrocos) (2011). Tamén foi editor do libro do Proxecto Neuston (2009) e contribuíu en conferencias, eventos e publicacións sobre Ciencia e Arte. É membro da Comisión Executiva de Proxección Social e Cultura Científica do Campus do Mar (UVigo-USC-UC-CSIC-IEO).

Clara Cerviño (Ourense, 1985) é bióloga e ilustradora científica. Tras licenciarse en Bioloxía pola Universidade de Santiago de Compostela (2002-2009) cursou dous Máster na Universidade de Barcelona (2009-2011). O primeiro deles en Ciencias do Mar, con prácticas no ICM-CSIC de Barcelona e a correspondente tese titulada 'Estudo da bioloxía de reprodución de catro especies de macrúridos do Oeste Mediterráneo'. O segundo en Acuicultura, con prácticas no HCMR de Creta (Grecia) durante un período de sete meses; a tese resultante titulouse: 'Effect of diet in reproductive process of meagre *Argyrosomus regius* (Asso, 1801)'. Despois de dous anos entre o IRTA (Cataluña) e a Universidade de Aveiro (Portugal) traballando en proxectos relacionados co cultivo de camarón, realizou no ano 2013 o Curso de Formación en Ilustración Científica da Universidade de Aveiro, sendo actualmente estudante de doutoramento na mesma disciplina nesta universidade. Á marxe do traballo académico, desenvolve tamén actividade como ilustradora científica, e durante este ano 2014, a súa obra *Cuculus canorus* foi seleccionada entre os 50 finalistas do concurso internacional Ilustraciencia e obtivo o accésit ao mellor debuxo en branco e negro do bosque inundado para o 10º aniversario do Museo da Ciéncia CosmoCaixa de Barcelona.

<http://www.claracervino.com>

Profesor titular de Estética e Teoría das Artes da Universidade de Vigo, **Alberto Ruiz de Samaniego** é doutor en Filosofía pola Universidad Autónoma de Madrid. Coordinador do Máster de Arte Contemporánea: Investigación e Creación, da Universidade de Vigo, foi director da Fundación Luis Seoane da Coruña (2008-2011). Como crítico cultural e comisario de exposicións, recibiu o Premio Espais á crítica de arte, e foi comisario do Pavillón Español da 52ª Edición da Bienal de Arte de Venecia. Ten publicado, entre outros, os seguintes libros: *Maurice Blanchot: una estética de lo neutro* (1999), *Semillas del tiempo* (1999), *La inflexión posmoderna: los márgenes de la modernidad* (2004), *James Casebere* (2005), *Belleza de otro mundo. Apuntes sobre algunas poéticas del inmovilismo* (2005), *Paisaje fotográfico. Entre Dios y la fotografía* (2007), e *Ser y no ser. Figuras en el dominio de lo espectral* (2013). Ten comisariado exposicións dos artistas Antón Lamazares, Luis Seoane, Xesús Vázquez, Chema de Luelmo e Manuel Vilariño, e diversas colectivas de arte contemporánea (*La Isla Futura: arte joven cubano; Arte y nihilismo; 5000 años de arte moderno; Arte y enfermedad*), así como as mostras *Georges Perec: Tentativa de inventario; Atlantikwall. Arquitecturas bélicas en las playas del oeste; Andrei Tarkovski: fidelidad a una obsesión; La escultura en Fritz Lang; Unterwegs: al paso de Walter Benjamin; e Cabañas para pensar*.

OBRADOIRO

'Imaxe científica: representación e abstracción'

Diego Germade é arquitecto (2005), e Máster en Arte Contemporánea, Creación e Investigación da Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo (2012), onde é doutorando dende 2013. Preseleccionado no Premio Gran de Area do COAG, Colexio de Arquitectos de Galicia (2008). En 2011 participou no ciclo 'Triálogos de Arquitectura. A vivenda', (COAG). En 2013 formou parte da exposición colectiva 'Eso sigue su curso' no Museo de Pontevedra, e do comisariado da exposición colectiva 'Memoria Intermitente. Conversas dende a ruína', celebrada no Auditorio de Cangas. En 2014, coa proposta 'Dinamograma Urbano', foi gañador do concurso convocado pola Universidade de Vigo para a execución dun mural no Pavillón Universitario de Pontevedra.

Sonia Valladares Lago é licenciada en bioloxía pola Universitat de Barcelona (2006). Durante a súa etapa universitaria participou en proxectos de investigación no Departamento de Vertebrados, Universitat de Barcelona (2002-2007). En 2008 traballou como axudante de investigación na Universidad de Cardiff (Gales, UK). Actualmente é estudante de doutoramento da Universidade de Vigo, desenvolvendo o seu proxecto de tese 'O uso dos isótopos estables para estudar o comportamento alimentario de cabaliños de mar en cultivo e salvaxes' no Instituto de Investigacións Mariñas (IIM-CSC) de Vigo dende 2009, que contribuirá a incrementar o escaso coñecemento da ecoloxía trófica do cabaliño de mar, así como da súa cría en cativeiro. Como estudante de doutoramento realizou diferentes estancias en grupos de investigación internacionais, destacando a súa visita ao Departamento de Ecoloxía Mariña da Universidade de Aarhus, Dinamarca (2013) para aprender as técnicas de traballo con otólitos de cabaliño de mar. A súa dedicación en actividades de educación e divulgación científica tamén é destacable. Participou como divulgadora científica nas xornadas de Exper-i-ciencia, CSIC (2009-2012), e como conferenciante convidada na Escuela del Mar de Badalona, Barcelona (2011), no centro de buceo L'Àmfora, Tossa de Mar, Girona (2013) e no Parc Natural del Montgrí, les Illes Medes i el Baix Ter, Estarlit, Girona (2014).

Isabel Gomes Teixeira (O Porto, 1979) é doutora en Ciencias do Meio Acuático pola Universidade do Porto (2009). Vive en Vigo dende 2003, ano en que chegou á cidade para desenvolver a súa tese doutoral no departamento de Oceanografía do Instituto de Investigacións Mariñas (IIM-CSIC), onde traballa dende entón. As súas áreas de investigación céntranse no estudo das comunidades planctónicas microbianas mariñas, incluíndo a identificación, abundancia e distribución de especies de fitoplancto, e a súa relación coas condicións oceanográficas. Para isto participou en numerosos proxectos de investigación e campañas oceanográficas en España e no estranxeiro. En paralelo ao seu traballo de investigación, participa habitualmente nas diversas accións de divulgación científica organizadas polo IIM. En febreiro de 2014 creou a páxina Planktonbook <https://www.facebook.com/Planktonbook>, onde expón diversas fotos e vídeos resultantes do seu traballo, co obxectivo de ensinar e divulgar entre o público en xeral a beleza e a importancia destes organismos mariños de tamaño diminuto.

+ INFO sobre actividades e programación do MARCO en:

www.marcovigo.com

<http://www.facebook.com/marcovigo>

<https://twitter.com/MARCOVigo3>

Para calquera consulta ou información, dirixase a:

MARCO, Departamento de Comunicación (Marta Viana)

Tel. +34 986 113900 / 113908 / 113904

marta.viana@marcovigo.com